

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE FEBREIRO DE 2020**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 20 de febreiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 17 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica****a) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados (IMPORT. EXPORT. MARTÍNEZ SOUTO, S.L. e NIETO DACOSTA, S.L.) a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

Licitador	LOTE 1	LOTE 2				
		Incremento do prezo unitario mínimo exixido	Incremento dos prezos unitarios mínimos exixidos no PPT para os diferentes materiais			
			Metais ferrosos	Metais de aluminio incluíndo cable co illamento	Cable de cobre co illamento	Caixa de camión con ferro e fibra
1 IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L. (lote 2)	-	0,181 €/Kg	0,6 €/Kg	1,8 €/Kg	0,1 €/Kg	
2 NIETO DACOSTA, S.L. (lote 2)	-	130 €/Kg	0,35 €/Kg	1,20 €/Kg	0,100 €/Kg	



Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Admitir a NIETO DACOSTA, S.L. (lote 2) por ter presentado correctamente a documentación esixida no sobre A segundo o previsto na cláusula 14.2 do PCAP, sen prexuízo da comprobación da solvencia que será requirida ao licitador que resulte clasificado en primeiro lugar como indica a cláusula 20.1 do PCAP.
2. Conceder un prazo de tres días a IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L. (lote 2): Presenta o DEUC sen cumprimentar a parte IV, polo que deberá presentar un novo DEUC debidamente cumprimentado (isto, é, respondendo afirmativamente á pregunta “Indicación global relativa a todos los criterios de selección”, para declarar que posúen a solvencia requirida).
3. Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

#### “LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 30 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de febreiro de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de febreiro de 2020.

**Terceiro.-** Reunida a Mesa de Contratación o 20 de febreiro de 2020 para a apertura das proposicións presentadas, comprobouse tras o descifrado que non se presentou ningún licitador para o lote 1 “vehículos ao final da súa vida útil”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 11:54	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A94H-E5B98H-25EDBC-ZSUMA2-UZ1YQ3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición ao lote 1 desta licitación, tal e como se constatou na sesión que tivo lugar o 20 de febreiro de 2020, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o lote 1 "vehículos ao final da súa vida útil" procedementosimplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) por non terse presentado proposición ningunha en prazo".*

### **9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)**

Retírase este asunto da orde do día.

### **10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)**

Retírase este asunto da orde do día.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

